

Fala Londres 4

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



Prodixios galegos

Comezamos o curso cunha exposición realizada polo alumnado sobre os lugares e os acontecementos máis destacables de Galicia tomando como referencia a obra de Henrique Alvarellos.

We begin the course with an exhibition held by the students on the most outstanding places and events in Galicia, taking Henrique Alvarellos' work as a reference.

Cuñados

Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de meter a zoca nun dos seus negocios e precisan cartos. Moitos cartos. Será Sabonis quen atope a solución ao problema, secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que os enganou e deixou tirados.


Eduardo and his brother-in-law Sabonis have just started one of their businesses and they need money. A lot of money. It is Sabonis who finds the solution to the problem, kidnapping Modesto, Alicia Zamora's brother-in-law, the businesswoman who deceived them and left them stranded.



Open Day

Aproveitamos a xornada de portas abertas para que o propio alumnado lles explicase ás familias a oferta educativa de galego así como as diferentes actividades que se realizan ao longo do curso tanto para o alumnado como para as familias.

We take advantage of the open day so that the students can explain the educational offer in Galician to their families. They can explain as well the different activities that take place during the course for both students and their families.





Malencolía

Sira e Pepe son unha parella que fartos da vida en precario deciden voltar a Galicia tras moitos anos emigrados na Alemaña. Atopan por internet unha casaña na aldea abandonada e deciden deixalo todo para iniciar unha nova vida alí. Chegados a aldea descubren con sorpresa que a única casa con vida está habitada por unha peculiar señora chamada Isolina.

Sira and Pepe are a couple who, tired of a precarious life, decide to return to Galicia after many years of emigrating to Germany. They find a house in an abandoned village on the internet and decide to leave everything behind to start a new life there. Once in the village they discover to their surprise that the only house still alive is inhabited by a peculiar lady called Isolina.

Samaín

Samaín significa «fin do verán», pois os antigos celtas celebrábano nese momento de transición do estío ao inverno. Con este motivo, fixemos unha exposición sobre as diferentes tradicións arredor desta celebración na que é máis doado transitar entre o mundo dos vivos e o dos mortos.


Samaín means "end of summer", as the ancient Celts celebrated this moment of transition from summer to winter. For this reason, we talked about the different traditions around this celebration in which it is more appropriate to pass between the world of the living and that of the dead.



Tres

...
C. (39) é deseñadora de son. Goza co seu traballo. O estudo é o seu último refuxo: un lugar onde postergar as avariadas relacións que mantén coa súa exparella, coa súa anciá nai e cos seus compañeiros de traballo. Aínda que ela non o sabe, C. está comezando a desincronizarse. Coma se fose unha película mal sonorizada, o seu cerebro comezou a procesar o son máis tarde que as imaxes.

C. (39) is a sound designer. She enjoys her work. The studio is her last refuge: a place where she can postpone the avaricious relationships she has with her ex-wife, her elderly grandmother and her work colleagues. Although she doesn't know it, C. is beginning to fall out of sync. As if it were a badly soundtracked film, her brain began to process the sound later than the images.





Jacinto

Jacinto é un adulto coa mentalidade dun neno. Vive en Mallou, unha sombría aldea abandonada entre as montañas, cos seus pais e o seu porco Martiño. A morte da súa mascota e a chegada de dúas novas veciñas estranxeiras porá o seu mundo patas arriba. Jacinto sospeita que as recén chegadas son vampiras que planean rematar coa súa familia para controlar a aldea. Para impedilo, porá en práctica todo o aprendido vendo pelis de terror.


Jacinto is an adult with the mentality of a child. He lives in Mallou, a gloomy village nestled in the mountains, with his parents and his dog Martiño. The death of his pet and the arrival of two new strangers will turn his world upside down. Jacinto suspects that the new arrivals are vampires who plan to kill his family in order to control the village. To stop them, he will put into practice everything he has learnt watching horror films.



Apertas solidarias

Como vén sendo habitual, aproveitamos estas datas para enviar as felicitacións de nadal a algún colectivo especial. Nesta ocasión, fixémonos eco da petición realizada pola Residencia de Maiores de Campolongo (Pontevedra) que aspiraba a conseguir máis de 1000 cartas para os seus residentes, e para o Centro de Maiores Miguel de Cervantes de Londres.

As it has been customary, we take advantage of these dates to send our Season's greetings to some special group. On this occasion, we echo the petition made by the Residence for the elderly of Campolongo (Pontevedra) that aspired to get more than 1000 letters for their residents, as well as the Miguel de Cervantes Residence for the elderly of London.



O aguinaldo



Aproveitamos a última semana antes das vacacións de Nadal para ensaiar unha panxoliña tradicional con todo o alumnado, especialmente co alumnado de 2º ESO porque tiña como proxecto realizar un percorrido con melodías de Nadal de distintas partes do mundo. En galego, eliximos O aguinaldo, unha tradición que consistía en ir cantando casa por casa nestas datas.

We took advantage of the last week before the Christmas holiday to rehearse a traditional panxoliña with all the pupils, especially with the pupils of 2nd ESO because it had as a project to carry out a tour with Christmas melodies from different parts of the world. In Galician, we chose O aguinaldo, a tradition that consisted in going singing from house to house in these dates.

